



**ELECCIÓN DOS REPRESENTANTES  
DOS PAIS Ó CONSELLO ESCOLAR  
CONVOCATORIA**

En virtude da Resolución do 10 de setembro de 2024 da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros sostidos con fondos públicos (DOG do 18 de setembro) e en cumprimento do disposto no artigo 33 do Decreto 92/1988, de 28 de abril, a XUNTA ELECTORAL deste Centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, **SECTOR DE PAIS E NAIS DE ALUMNOS**, segundo as normas seguintes:

1. De acordo co disposto no artigo 41 do Decreto 374/1996, do 17 de outubro (DOG do 21), redactado conforme ó establecido na disposición adicional terceira.1 do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro (DOG do 26), corresponde elixir no presente proceso electoral a **tres representantes**, dun total de cinco que debe ter o Consello Escolar.
- 2.- Son electores tódolos pais e nais ou, se é o caso, os titores legais dos alumnos matriculados no Centro e incluídos no Censo correspondente que a partir do día da data está exposto nun taboleiro de anuncios dentro do recinto escolar. As reclamacións ó referido Censo realizaranse mediante escrito razoado dirixido á Xunta Electoral, ata as 11:00 horas do día 30 de outubro.
- 3.- **Son elixibles os pais e nais ou, se é o caso, os titores legais, que formulen a súa candidatura oficial** segundo o modelo que se facilitará na Secretaría do Colexio. As candidaturas poderán ser presentadas ata as 11:00 horas do citado día **30 de outubro**.
- 4.- O sorteo dos membros da **mesa electoral** realizarase en acto público, entre os pais que **non** se presenten como candidatos, o día 30 de outubro, ás 11:40 horas. Dita mesa electoral estará composta polo/a Director/a do Centro, que actuará como Presidente/a, e catro pais/nais ou titores legais, actuando de secretario/a o/a de menor idade.
- 5.- A campaña electoral comprenderá dende o 30 de outubro ata o 11 de novembro, ámbolos dous días inclusive. As dependencias e servizos do Centro estarán a disposición dos candidatos, previa petición ó presidente da Xunta Electoral, sempre que o seu uso non altere o normal funcionamento educativo do Colexio.
- 6.- Poderán actuar como supervisores da votación os pais ou titores legais dos alumnos matriculados no Centro que sexan propostos pola ANPA ou, no seu defecto, que estean avalados cando menos pola firma de 10 electores.
- 7.- As votacións realizaranse neste Colexio Público o **día 19 de novembro, de 17:30 a 20:00 horas**. A mesa electoral será constituída o mesmo día, en acto público, ás 17:20 horas.
- 8.- Na papeleta de votación cada elector fará constar un máximo de **dous nomes** dos candidatos presentados, debendo acreditar a súa personalidade á hora de votar, mediante exhibición do D.N.I. ou documento similar. O voto será directo, secreto e non delegable e non se admitirá o voto por correo.
- 9.- **Teñen dereito ó voto o pai e a nai ou, se é o caso, o titor legal dos alumnos.**
- 10.- Finalizada a votación procederase ó escrutinio dos votos, que será público, e unha vez realizado, levantarase acta para ó seu envío a Xunta Electoral do Centro.
- 11.- A Xunta Electoral do Centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

O Temple-Cambre, 23 de outubro de 2024

A PRESIDENTA DA XUNTA ELECTORAL,

Asdo.: M<sup>a</sup> Belén Vigo Tajés

